

«Ler para sentir mellor», o novo ensaio de José Miguel Valle, en edición tetralingüe

O filósofo José Miguel Valle –autor de «La bondad es el punto más elevado de la inteligencia», artículo que en 2017 e 2019 se converteu en todo un fenómeno viral–, publica esta primavera un ensaio sobre o poder da lectura: ler como pracer, ler para comprender a diversidade, ler para sentir a vida... Ler para sentir mellor. Unha edición especial publicada nas catro linguas do Estado español.

Pp: 204. Formato: 13x23 cms.
ISBN 978-84-18567-18-6. PVP: 18,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, ABRIL DE 2022.- A lectura como pracer. A lectura como construtora de mundos. Ler como práctica imaxinativa. Ler tamén como práctica disidente. Ler para reconectar, non para desconectar. Ler para dubidar. Ler para recoñecernos e recoñecer os demais. A lectura así mesmo como práctica defensiva contra todo dogmatismo. Ler, en fin, pola tolerancia, pola comprensión da diversidade. Ler para sentir a vida. Ler para sentir mellor.

Estas son algunhas das reflexións que aborda o filósofo José Miguel Valle no seu novo ensaio *Ler para sentir mellor* (Alvarellos Editora, 2022). Un libro que presentamos nas catro linguas do Estado español —galego, castelán, eúscaro e català—, nunha edición que atende precisamente a esa necesidade de recoñecer, valorar e protexer tamén a diversidade lingüística. *Ler para sentir mellor* - *Ler para sentir mellor* - *Sentimena zorrozteko irakurri* - *Llegir per a sentir millor*.



José Miguel Valle. Filósofo e docente nado en Bilbao en 1968. Investigador independente sobre as interaccións humanas. É autor dos ensaios: *Filosofía de la negociación* (2014), *La capital del mundo es nosotros* (2016), *La razón también tiene sentimientos* (2017), *El triunfo de la inteligencia sobre la fuerza* (2018), *Acerca de nosotros mismos* (2020) e *La belleza del comportamiento. Argumentos para una ética de la bondad* (2022). Apartado destas temáticas, publicou o relato de non ficción *Rock & Ríos. Lo hicieron porque no sabían que era imposible* (2015). Escribe todas as semanas no *Espacio Suma NO Cero*. En 2017, un artigo sobre a bondade depositado alí converteuse nun fenómeno viral e superou o millón de visitas nunha semana.

Contacto autor: espaciosumanocero@gmail.com

Tradución ao galego: María Reimóndez

Itzulpena: Ane Garcia Lopez

Traducció al català: Pau Joan Hernández

